



ACTA ASAMBLEA XERAL ORDINARIA

D. Manuel Mouzo Méndez

Presidente

D. Ramón Souto Pérez

Tesoureiro

Subdelegado A Coruña

*Pte. Comité Mar Rocha e
Embarcación fondeada*

D. Jose Ramón Castro Varela

Delegado de A Coruña

D. Javier Méndez Alonso

Pte. Comité Salmónidos

D. Manuel Rodríguez Meira

Pte. Comité Xuíces

D. Gabriel Fernández Vázquez

Delegado de Ourense

Delegado de Pontevedra

D. Pedro Bolaño Pérez

Pte. Comité de Auga Doce

*Pte. Comité Mar Costa/Corcheo e
Spinning*

D. Benigno Fco. Rodríguez Bejarrano

Subdelegado de Ourense

D. Juan Manuel Castro Fuentes

Secretario

ESTAMENTO DE XUÍCES

D. José Luís García Pernas

D. Manuel González Martínez

As persoas que á marxe se nomean, 17 delas con dereito a voz e a voto, convocadas en tempo e forma, reúnense o **Sábado día 21 de Decembro de 2019** nos salóns do Hotel Carlos 96, Avenida de Lugo nº119, Melide, para trataren a seguinte

ORDE DO DÍA

- 1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
- 2.- Presentación da situación económica da FGPeC a 30/11/2019.
- 3.- Presentación de contas de perdas e ganancias da FGPeC a 30/11/2019.
- 4.- Presentación e aprobación, se procede, do orzamento 2020.
- 5.- Presentación e aprobación, se procede, do calendario 2020.
- 6.- Informe do Presidente.
- 7.- Normas deportivas 2020.
- 8.- Proxectos e actividades fóra do calendario oficial 2020.
- 9.- Rogos e preguntas.

O Presidente abre a xuntanza ás 11:35 horas do día sinalado no encabezamento.

1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior. Remitida por correo electrónico xunto coa convocatoria.

Lázaro Benítez solicita que sexa lido o punto 6 da Acta Xeral Ordinaria do 17 de Febreiro de 2019 e solicita que conste en Acta que fora escollido persoalmente para o Comité Provincial en dita Asemblea e non a PSA Citróen como recolle a Acta. O Presidente aclara que como representantes das Sociedades de Pesca Federadas nomease a Entidade e non a unha persoa individual. Tamén protesta porque a FGPeC non fixo caso ao nomeamento e non mandou a PSA Citróen ao Comité Provincial de Pesca Fluvial. Pedro Romarís sumase a protesta solicitando unha explicación. O Presidente explica que foi a Administración quen decidiu que Sociedades convocar ao Comité. Gabriel Fernández intervén para aclarar que aos Comités Provinciais van representantes de Sociedades Federadas mentres que ao Comité Galego van entidades colaboradoras, e segundo a Lexislación de Pesca Fluvial, a composición do Comité Galego non e competencia da FGPeC (artigo 44 da Lexislación de Pesca Fluvial). Non habendo mais intervencións, a Acta e aprobada por unanimidade.

2.- Presentación da situación económica da FGPeC a 30/11/2019. Remitida por correo electrónico xunto coa convocatoria. O Presidente informa sobre a situación económica da FGPeC con data do 30/11/2019, así coma o aumento de ingresos posteriores a dita acta e ata remate do ano.



ESTAMENTO DE DEPORTISTAS

D. Óscar Arosa García

Dña. Pilar Rey Silva

D. Jose Manuel Rey Alvela

D Lázaro Benítez Mouriño

D. Benigno Fco. Rodríguez
Bejarrano

ESTAMENTO CLUBS, SOCIEDADES E ASOCIACIÓNS

D. Antón Cotos Riva

Sociedade de Pesca Rio Mandeo

D. Juan Manuel Castro Fuentes

*Sociedade de Pesca Deportiva
Neria*

D. Carlos Bermúdez Barros

Club de Pesca O Capote

D. Gerardo Orol Castro

Club de Pesca do Barbanza

D. Antonio Luís Calvo Fernández

*Asociación Deportiva O
Escarapote*

D. Manuel Rodríguez Meira

Club de Pesca Monforte

D. Pedro Romarís Pereira

A Venatoria de Lugo

D. Antonio Cortés Araujo

Club de Pesca O Peixe

D. Benito Cores Viñas

SPD. Mar de Arousa

D. Manuel Campos Cruces

Nordés Spinning

3.- Presentación de contas de perdas e ganancias da FGPeC a 30/11/2019.

Remitida por correo electrónico xunto coa convocatoria. O Presidente explica e debulla os movementos bancarios ao tempo que e proxectada na pantalla, aclarando que as contas non estarán pechadas ata fin de ano. Esta información axuntase a esta Acta como ANEXO I.

O Resultado da liquidación é o seguinte:

Total Ingresos: 106.351,15€

Total Gastos: 108.241,83€

Resultado: -1.890,68€

Saldo en conta a 31/12/2018: 26.258,67€

Saldo en conta a 10/12/2019: 24.367,99€

O Presidente explica que con todo o resultado non pode considerarse negativo, inda cos gastos orixinados polas costas dos avogados deste ano, pois tívose que asumir o pago de 3.100.- € do exercicio anterior.

4.- Presentación e aprobación, se procede, do orzamento 2020.

Remitidos por correo electrónico xunto coa convocatoria, o Presidente presenta o orzamento para o ano 2020, que se proxecta na pantalla, procedendo a lectura de cada un dos apartados que conforman cada partida orzamentaria e coa actualización das cifras tralos resultados acadados na Asemblea Xeral Extraordinaria celebrada anteriormente. O Orzamento Total ascende a un importe de 131.481,00€ tanto de ingresos como de gastos. O orzamento e aprobado por unanimidade e axuntase a esta Acta coma ANEXO II.

Jose Luís García Pernas comenta a opción de valorar o incluír ou quitar algunhas bolsas de viaxe das competicións. O Presidente aclara que se dan as bolsas de viaxe sempre e cando os competidores vaian formando Selección Galega. Estes criterios de adxudicación poden ser modificados por votación en Asemblea. Tras iniciarse un debate, o Presidente decide someter a votación derrogar o anterior acordo, e que así, cando asistan a un nacional coma selección galega teñan dereito a bolsa. O resultado da votación é de 8 votos a favor, 0 en contra e 9 abstencións, polo que se aproba a proposta.

5.- Presentación e aprobación, se procede, do calendario 2020.

Antes de presentar o calendario, o Presidente fai mención e agradece a axuda recibida por tódolos colaboradores para consensuar dito calendario.

Expón as seguintes novidades:

- Engadíronse dúas xornadas técnicas para Selectivo Mosca e Selectivo Lance. Son de presenza obrigatoria e a non xustificación da ausencia levará á perda da praza no Selectivo. Na xornada técnica de Mosca actuarán como director técnico David Arcay e como asistente técnico Javier Méndez Alonso. Lázaro Benítez propón incluír no calendario o Open corcheo dúos xa que só hai unha competición de corcheo. Propón como posibles datas os días 6 ou 13 de setembro. Non habendo obxeccións, inclúese no calendario.



Un asembleísta comenta a posibilidade de modificar a data do Open Mar Costa dúos do 22 de febreiro. Explícase que se puxo esa data porque non se coñecían as datas do Calendario Nacional e para darlles aos competidores mais tempo de planificación.

Non habendo mais intervencións, preséntase o calendario de competicións 2020 quedando aprobado por unanimidade tal como segue coas modificacións e especificacións mencionadas, trasladando a rogos e preguntas as propostas dos asembleístas.

FEBREIRO			XUÑO				
O	Mar Costa Dúos	Fisterra - Laxe	22	O	Salmónidos Lance Dúos	Hombreiro - Miño	24
A				A	Salmónidos Mosca	Ponteliñares - Limia - (OU)	30/31
MARZO			XUÑO				
O	Salmónidos Mosca Lago	Embalse da Fervenza (CO)	1	S	Salmónidos Mosca	Navia - Navia	6
O	Pesca dende Rocha	A Coruña	8	S	Salmónidos Mosca	Penamil - Navia	7
P	Mar Costa Coruña- Lugo	Coroso - Aguieira	14	S	Salmónidos Lance	Carboeiro - Deza	13
P	Mar Costa Ourense- Pontevedra	Montalbo/Major	14	S	Salmónidos Lance	Taboada - Deza	14
O	Spining	Carnota - A Coruña	22	S	Embarcación Fondeada	Ribadeo	14
O	Emb. Fondeada Dúos	A Coruña	28	A	Embarc. Fonde. Xuventu. H.	Ribadeo	14
A				A	Embarc. Fonde. Xuventu. M	Ribadeo	14
ABRIL			A	Corcheo Mar 1º Día	A Coruña - Base Naval Ferrol	21	
O	Mar Costa Veteranos	Covas - Area	4	A	Auga Doce Xuventude	Santa Cruz de Arrabaldo	28
A	Salmónidos Mosca Xuventude	Xallas/Beba - Xallas - A Coruña	5	A			
O	Salmónidos Mosca Veteranos	Xallas/Beba - Xallas - A Coruña	5	XULLO			
O	Liga de Clubs Mar Costa	Coroso - Aguieira	18	A	Auga Doce 1º Día	A Rúa	5
X	Jornada Técnica Selectivo Mosca	Xallas/Beba - Xallas - A Coruña	18	A	Auga doce 2º Día	Portomarín	19
P	Salmónidos Lance Ourense	Ribadavia - Avia	25	O	Carpfishing/Feeder	Cachamuíña	24/25
P	Salmónidos Lance Pontevedra	Cerdedo - Lérez	25	AGOSTO			
P	Salmónidos Lance A Coruña	Baio - Grande - A Coruña	26	S	Auga Doce 1º Día	Sta Cruz de Arrabaldo	2
P	Salmónidos Lance Lugo	Láncara - Neira	26	O	Presidente da Xunta	Valdriz - Neira	8 e 9
S				S	Auga Doce 2º Día	Rúa	30
MAIO			SETEMBRO				
P	Salmónidos Mosca Lugo	Ronfe	2	O	Corcheo Mar Dúos	Marín - Pontevedra	6
P	Salmónidos Mosca A Coruña	Aranga - Mandeo	2	S	Mar Costa 1º Día	Area Covas	19
P	Embarcación Fondeada (CO)	Fisterra	3	A	Mar Costa Damas 1º Día	Area Covas	19
P	Embarcación Fondeada (LU)	Ribadeo - Lugo	3	A	Blak Bass Xuventude	Castrelo de Miño	20
P	Embarcación Fondeada (PO)	Pontevedra	3	O	Black Bass Absoluto	Portoemouros ou Belesar	27
P	Salmónidos Mosca Ourense	Boborás	3	OUTUBRO			
P	Salmónidos Mosca Pontevedra	Forcarei	3	O	Mar Costa Dúos (clas 2021)	Area Covas	3
A	Salmónidos Lance	Verdes - Anllóns	9	A	Corcheo Mar 2º Día	Marín - Pontevedra	11
A	Salmónidos Lance	Sta. Comba - Xallas	10	S	Mar Costa 2º Día	Fisterra - Laxe	24
O	Salmónidos Mosca Dúos	Ponteliñares - Liñares - (PO)	17	A	Mar Costa Damas 2º Día	Fisterra - Laxe	24
X	Jornada Técnica Selectivo Lance	Couto do Barbantiño - Barbantiño	17				
A	Mar Costa	Laxe - Fisterra	23				
A	Mar Costa Xuventude	Laxe - Fisterra	23				
A	Embarcación Fondeada	Pontevedra	24				

6.- Informe do Presidente.

Ademais do que se leva xa falado e debatido durante a Asemblea, o Presidente fai mención ao seguro de Responsabilidade Civil que se está a xestionar para os Clubs. Coma este gasto para os Clubs é subvencionable, aprazase hasta xaneiro o pago do custo do seguro, agardando tamén a confirmación do prezo final por parte da aseguradora.

7.- Normas deportivas 2020.

- O Presidente anuncia que en febreiro tentarase facer un curso de xuíces. Para a tempada 2020 aplicarase o regulamento da Federación Española de Pesca. O xuíz que se negue dúas veces na mesma tempada a vulgar as competicións para as que o Comité de Xuíces o convoque, perderá a súa condición de xuíz autonómico. Propón coma instrutores a Jose Manuel Rey Alvela e a José Luís García Pernas pola súa condición de xuíces nacionais.



- Nas especialidades de Salmónidos e Mar Costa individual, nas que hai categoría Absoluta e Veteranos, os deportistas poderán competir en ambas, non obstante, antes do 28 de febreiro deberán comunicar se pretenden clasificar para competicións nacionais nunha categoría ou noutra. No seu defecto terase en conta a categoría na que primeiro participen. Clasificar para nacionais en categoría Absoluta e Veteranos na mesma tempada e na mesma especialidade, queda excluído, (a idade para participar en Veteranos e de 54 anos en competicións de mar costa e 49 anos en competicións de Salmónidos). Con todo, poderán participar nas competicións nacionais de maneira independente, sen formar parte da Selección Galega, en todas aquelas modalidades, especialidades e categorías que a FEPyC lles permita.

- O Proxecto Xuventude será desenvolto integramente pola FGPeC.

- Nas bases dos distintos campionatos provinciais indicárase a capacidade dos escenarios. Cando non se complete esa capacidade, daráselle a opción aos clubs que xa teñan deportistas inscritos de seguir inscribindo deportistas cun custo de 25€ por deportista. A proporción da inscrición de máis deportistas por parte dos clubs, será concedida en relación ao número de licenzas federativas de cada club.

Cadro de participación en Autonómicos:

		2017	2018	2019	TOTAL	Promedio	%	28	2019	2020	Difª
SALMÓNIDOS MOSCA	CORUÑA	41	38	36	115	38,33	34,33%	9,61194030	10	10	0
	LUGO	32	34	31	97	32,33	28,96%	8,10746269	7	8	1
	OURENSE	20	18	21	59	19,67	17,61%	4,93134328	5	5	0
	PONTEVEDR	18	24	22	64	21,33	19,10%	5,34925373	6	5	-1
					111,67	100,00%	28,00000000	28	28	0	
		2017	2018	2019	TOTAL	Promedio	%	28	2019	2020	Difª
SALMÓNIDOS LANCE	CORUÑA	39	36	32	107	35,67	49,54%	13,87037037	12	14	2
	LUGO	28	27	14	69	23,00	31,94%	8,94444444	8	9	1
	OURENSE	8	0	6	14	4,67	6,48%	1,81481481	4	2	-2
	PONTEVEDR	12	8	6	26	8,67	12,04%	3,37037037	4	3	-1
					72,00	100,00%	28,00000000	28	28		
		2017	2018	2019	TOTAL	Promedio	%	28	2019	2020	Difª
MAR-COSTA	ACORUÑA	29	32	33	94	31,3333333	63,09%	17,66443	17	18	1
	LUGO	0	0	0	0	0	0,00%	0,00000	0	0	0
	OURENSE	3	2	2	7	2,33333333	4,70%	1,31544	1	1	0
	PONTEVEDR	18	19	11	48	16	32,21%	9,02013	10	9	-1
		50	53	46	49,6666667	100,00%	28,00000	28	28		
		2017	2018	2019	TOTAL	Promedio	%	28	2019	2020	Difª
EMB. FONDEADA	ACORUÑA	13	14	25	52	17,3333333	48,60%	13,60748	10	14	4
	LUGO	6	9	9	24	8	22,43%	6,28037	6	6	0
	OURENSE	0	0	0	0	0	0,00%	0,00000	0	0	0
	PONTEVEDR	18	13	0	31	10,3333333	28,97%	8,11215	12	8	-4
		37	36	34	35,6666667	100,00%	28,00000	28	28		

Tódolos Selectivos estarán formados de 18 deportistas. Acenden do Autonómico 6 cada ano, se algún deportista con dereito ao ascenso renuncia ou non pode asistir ao Selectivo correrase lista, pero os ascensos nunca serán máis de 6. Dos selectivos baixarán os deportistas que sexan necesarios para que o Selectivo quede sempre en 18 deportistas.



8.- Proxectos e actividades fóra do calendario oficial 2020.

No calendario oficioso incluíranse as actividades que os clubs organicen e soliciten incluír. Outro tanto acontece co calendario xuventude. Dende a FGPeC anímase aos clubs que fagan actividades con nenos e soliciten a axuda económica que concede a Federación. A contía da axuda pode ser de ata un máximo de 250€ por club e tempada.

9.- Rogos e preguntas.

Un asembleísta propón a opción traer un director técnico de fora de Galicia para a xornada técnica de Mar Costa e así aumentar o nivel da ensinanza. O Presidente dálle liberdade ao presidente do comité Mar Costa para que xunto cos clubs se poñan de acordo neste punto e comprométese a que a FGPeC tentará axudar en todo o que poida.

Pilar Rey pregunta cales foron os varemos aplicados para variar ou modificar as datas das competicións deste ano e solicita a posibilidade de quitar permisos para varios escenarios ao mesmo tempo por se algún deles non está practicable na data establecida no calendario. O Presidente explica que os motivos deste ano foron fenómenos metereolóxicos adversos e que a administración pode aceptar variar datas no mesmo mes pero para meses diferentes o permiso obtido xa non ten validez.

Outro asembleísta tamén propón que cando o campionato Nacional sexa nun escenario lonxano e costoso, os clasificados poidan optar por non ir ese ano e que sigan clasificados para o ano seguinte.

O presidente do Comité Mar Rocha e Embarcación Fondeada comenta que esa situación xa se dou este ano en Embarcación Fondeada e os deportistas pactaron que os que formasen a Selección Galega no 2020 sexan os clasificados no 2019 e os clasificados no 2018 irán ao campionato Nacional costeados pola Federación pero sen formar parte da Selección Galega. O Presidente deixa ese punto en mans dos deportistas. Non obstante, informa que en caso de non haber acordo entre eles, aplicarase o artigo 56 da LEI 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia:

2. As federacións deportivas galegas exercerán como funcións propias as seguintes:

a) A convocatoria das seleccións deportivas da súa modalidade deportiva e a designación dos deportistas que as integren.

Non habendo mais intervencións, o Presidente da por rematada a Asamblea as 14:10 horas. Eu coma Secretario dou fé.

Asdo. Juan Manuel Castro Fuentes
Secretario

Vº e Prace: Manuel Mouzo Méndez
Presidente